

A realidade dos datos, as cifras tal e como son

O grupo Telefónica anunciase ante os accionistas como unha das empresas máis sólidas do mercado, mentres, cara os empregados fai unha campaña agresiva de mentalización de recortes de gastos, que consiste basicamente en convencernos da necesidade de recortar os nosos salarios, que non os dos directivos.

No mes de xaneiro, o presidente do goberno D. José Luis Rodríguez Zapatero, reuniuse cos máis importantes empresarios do estado español –seica para buscar saídas á crise- e nós preguntámonos, cal é a situación de todas estas empresas?

LAS GRANDES COMPANIAS INVITADAS A LA REUNION DE URGENCIA					
 acciona Sector Construcción y serv. Presidente José Manuel Entrecanales Ingresos 6.512 Beneficio 1.263	 ACS Sector Construcción y serv. Presidente Florentino Pérez Ingresos 15.606 Beneficio 1.952	 Santander Sector Banca Presidente Emilio Botín Ingresos 39.381 Beneficio 8.943	 BANCO POPULAR Sector Banca Presidente Ángel Ron Ingresos 4.054 Beneficio 766	 BBVA Sector Banca Presidente Francisco González Ingresos 20.666 Variación 4.210	 CAJA MADRID Sector Banca Presidente Rodrigo Rato Ingresos 3.871 Beneficio 266
 CEPSA Sector Energía Consejero delegado Dominique de Ribérilles Ingresos 1.086 Beneficio 375	 E.ON Sector Distribución Presidente Isidoro Álvarez Ingresos 16.356 Beneficio 369	 Ebro Sector Alimentación Presidente Antonio Hernández Ingresos 2.198 Beneficio 177	 endesa Sector Energía Presidente Borja Prado Ingresos 24.433 Beneficio 3.430	 FCC Sector Construcción y serv. Presidente Baldomero Falcones Ingresos 12.700 Beneficio 307	 ferrovial Sector Construcción y serv. Presidente Rafael del Pino Ingresos 12.095 Beneficio -924
 Gamesa Sector Energía Presidente Jorge Calvet Ingresos 3.187 Beneficio 115	 gasNatural Sector Energía Presidente Salvador Gabarró Ingresos 14.879 Beneficio 1.195	 GRIFOLS Sector Sanitario Presidente Víctor Grifols Ingresos 913 Beneficio 148	 IBERDROLA Sector Energía Presidente Ignacio Sánchez Galán Ingresos 24.559 Beneficio 2.824	 IBERIA Sector Aéreo Presidente Antonio Vázquez Ingresos 4.231 Beneficio -273	 INDITEX Sector Textil Presidente Amancio Ortega Ingresos 11.084 Beneficio 1.314
 Indra Sector Tecnológico Presidente Javier Morzón Ingresos 2.513 Beneficio 196	 la Caixa Sector Banca Presidente Isidre Fainé Ingresos 9.097 Beneficio 1.710	 MAPFRE Sector Seguros Presidente José Manuel Martínez Ingresos 18.830 Beneficio 927	 MERCADONA Sector Distribución Presidente Juan Roig Ingresos 15.505 Beneficio 270	 MONDRAGON Sector Industria/Banca Presidente José María Aldecoa Ingresos 14.780 Beneficio 61	 OHL Sector Construcción y serv. Presidente Juan Miguel Villar Mir Ingresos 4.390 Beneficio 166
 REPSOL Sector Energía Presidente Antoni Brufau Ingresos 58.475 Beneficio 1.559	 Syv Sector Construcción y serv. Presidente Luis del Rivero Ingresos 5.858 Beneficio 506	 Sol Meliá Sector Hotelero Vicepresidente Sebastián Escarrer Ingresos 1.149 Beneficio 44	 TELECINCO Sector Audiovisual Presidente Alejandro Echevarría Ingresos 634 Beneficio 48	 Telefónica Sector Telecomunicaciones Presidente César Alierta Ingresos 56.731 Beneficio 7.776	 anfác Sector Automovilístico Presidente Francisco Javier García Sanz Ingresos 34.540

*Datos al cierre de 2009 en millones de euros.

Dando por bos eses datos aparecidos na prensa, así como o número de empregados que teñen estas empresas, pasamos a elaborar unha táboa comparativa. Sabemos que non tódolos datos corresponden ao mesmo ano e que o número de empregados que declaran ter esas empresas pode variar na realidade, mais serven para facernos unha idea aproximada da situación destas grandes empresas e comparar algunha delas con Telefónica.

Empresa	Empregados	Ingresos (millóns €)	Beneficios (millóns €)	% Beneficios / Ingresos	Ratio € Ingresos por empregado	Ratio € Beneficios por empregado
El corte Inglés	97.000	16.356	369	2,25	168.618	3.804
Gamesa	7.000	3.187	115	3,6	455.285	16.428
Corp. Mondragón	85.000	14.780	61	0,41	173.882	717
Inditex	89.000	11.084	1.314	11,85	124.539	14.764
Mercadona	62.000	15.505	270	1,74	250.080	4.355
Sol Melia	33.000	1.149	44	3,82	34.818	1.333
Indra Sistemas	26.000	2.513	196	7,8	96.653	7.538
Ebro Foods	7.000	2.198	177	8,05	314.000	25.286
Grifols	6.000	913	148	16,21	152.166	24.667
OHL	14.000	4.390	166	3,78	313.571	11.857
Acciona	32.000	6.512	1.263	19,39	203.500	39.468
Grupo Telefónica	257.400	56.731	7.776	13,7	220.743	30.256
Atento	132.250	1.321	122	9,23	9.988	922
T-Latinoamérica	51.606	18.425	sen datos	sen datos	357.073	sen datos
T-Europa	27.023	11.238	sen datos	sen datos	416.222	sen datos
T-España	35.338	14.042	sen datos	sen datos	397.790	sen datos

Na táboa observamos que de cada 100€ que ingresa o grupo Telefónica 13,70 son para beneficios, por cada empregado obtén 30.256 € de beneficio, así mesmo os ingresos por empregado, miremos como miremos, non apuntan a unha empresa en crise, nin moito menos. É bo comparalos cos doutras empresas para saber de que falamos.

A comparativa con outras grandes empresas, fainos comprender que o grupo Telefónica goza de moi boa saúde, en especial se a comparamos con "El Corte Inglés" empresa que sempre nos poñen como modelo a seguir e que seguramente se obtivésemos a mesma rendibilidade faría subir aos nosos directivos polas paredes. A rendibilidade, beneficios por empregado, e case 8 veces mais alta no grupo telefónica.


Telefónica de España obtén uns ingresos de case 400.000 € por cada empregado, aínda así a empresa teima en dicir que lle sobran empregos. Con este dato alguén pode dicir que non estamos dando un excelente rendemento? Ata onde quere chegar a empresa no rendemento por cada posto de traballo?

Están a manipularnos cando tratan de convencernos que sen perda de poder adquisitivo e sen rebaixas nas nosas condicións laborais, non hai salvación, como suxire a empresa e algún sindicato, pois os datos indican todo o contrario, a pesar da crise que temos enriba.

Os beneficios do grupo telefónica pasan de 7.592 millóns de € no ano 2008, a 7.776 millóns de € no ano 2009, o que representa un incremento do 2,4%.

Porqué algúns sindicatos teñen medo a negociar un convenio mellor?

Dinnos que Telefónica España vai mal, que perdemos liñas.... vexamos:




Os ingresos de Telefónica España no período xaneiro-setembro de 2010 ascenderon a 14.042 millóns € e os gastos de persoal a 1.845 millóns €.

En plena crise económica os gastos de persoal representan só o 13,13% dos ingresos, o cal non parece unha cifra inasumíbel.

Así mesmo o Resultado Operativo ascende a 5.192 millóns de €, o que representa o 36,97% dos ingresos. Non parece que estes datos sexan indicativos dunha empresa en crise.

Con estes datos, é xusto tratar de baixar o salario dos traballadores e traballadoras para que a empresa aumente aínda máis os seus beneficios?

Dinnos que o grupo obtén os seus maiores ingresos no exterior, vexamos:



As ratios ingresos por accesos (ou liñas) en porcentaxe son:

$$\text{T-Latinoamérica } 41,6 / 63,6 = 0,65$$

$$\text{T-España } 31,7 / 16,8 = 1,88$$

$$\text{T-Europa } 25,4 / 19,6 = 1,29$$

Isto indica que se ben os maiores ingresos proceden de Latinoamérica, como vemos no cadro onde se marcan as porcentaxes dos ingresos do grupo Telefónica, é por ter un maior número de accesos. En realidade se miramos a ratio, vemos que cada 1% dos accesos en T-España proporciona 1,88% dos ingresos, mentres que en Latinoamérica proporciona 0,65%.

Os ingresos por liña ou acceso son moito maiores en Telefónica España.

A firma Morgan Stanley destacou a política de remuneración de Telefónica, cuxos dividendos están ofrecendo rendementos moi por riba do promedio do sector. Neste senso, Telefónica anunciou o pasado mes de outubro, na sétima conferencia de inversores, que **elevará un 21,7% o dividendo con cargo a 2010**, ata 1,40 euros por acción.

Se aumenta un 21,7 % a remuneración aos accionistas, por que pretende baixar os salarios?

Que clase de reparto é este ?

Non obstante, os directivos si teñen claro o ben que vai este negocio a xulgar polos salarios dos que dispoñen, así podemos ler en Lainformacion.com :

Los trabajadores de las empresas del Ibex 35 cobran 20 veces menos que sus jefes. Pero la que se lleva la palma es Telefónica. El sueldo medio de sus altos directivos es de 2.728.666 euros. No en vano, la empresa de telecomunicaciones tiene a tres de sus ejecutivos entre los 10 mejor pagados de España.

Chama a atención a xenerosidade dos seus salarios , e ao mesmo tempo a cutrería que mostran cara o persoal ao seu cargo. Non é menos rechamante a actitude dalgún sindicato disposto a crer todo o que lle di a empresa sen cuestionarse nada. Acaso non ven os datos que publica a propia empresa?

SUELDOS DEL IBEX 35 (Salario medio de los miembros del consejo ejecutivo. Datos en miles de euros)	
Empresa	Salario medio
Acciona	1.046
ACS	2.209
FCC	1.107
Gamesa	763
Iberdrola	5.012
Indra	2.042
NH Hoteles	2.283
Repsol YPF	1.998
Santander	4.669
Sogecable	1.224
Telecinco	1.202
Telefónica	2.485
Unión Fenosa	1.330

Cando estes directivos das grandes empresas se reúnen co presidente do goberno.

De que falan?

Do mal que van as súas empresas mentres eles cobran eses salarios...

De que se queixan?

Do pouco que gañan...

Que piden?

Reforma laboral e das pensións, baixada dos salarios e perda de dereitos laborais...

Realmente, o que pretenden é facer un novo reparto da torta, darlle máis aos accionistas e aos directivos e menos aos traballadores e traballadoras. É a esencia da loita de clases, á clase traballadora non nos queda outra que loitar polos nosos dereitos se non queremos que a empresa se quede con todos os beneficios. Mágoa que algúns sindicatos reneguen da realidade.

A clase obreira terá que loitar para que isto non suceda, non debemos deixarnos manipular. Os datos que aportamos demostran que o que nos están a contar non é certo, aínda que a empresa conte cos sindicatos socios para difundir a súa mensaxe os datos son contundentes.

Non te deixes enganar, que non te manipulen!!!

Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate!!!